



CONCELLO DE CHANTADA

EXPEDIENTE: 1418/2023

OBXECTO: ORZAMENTO DO CONCELLO DE CHANTADA PARA O EXERCICIO 2024.

Don Fernando Torre Comesaña, Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, que desempeña o posto de Secretaría do Concello de Chantada, en cumprimento das obrigas establecidas no artigo 3 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, emite o seguinte.

INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

Fundamentalmente, obra no expediente a seguinte documentación:

- Proxecto de Orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2024, que se presenta acompañado da documentación prevista no TRLRFL.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- RD 500/1190, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I da LRFL (RD 500).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- RD Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local (TRRL).
- LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEPSF).
- RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 2/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria para a súa aplicación as Entidades Locais.
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- Lei 27/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Os orzamentos xerais das entidades locais constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que se prevén liquidar durante o

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102





CONCELLO DE CHANTADA

correspondente exercicio, así como as previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente. Asimesmo, o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputarase os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven e as obrigas recoñecidas durante o exercicio.

Segundo.- As entidades locais elaborarán e aprobarán anualmente un orzamento xeral no que se integrarán o orzamento da propia entidade, os dos organismos autónomos dependentes desta e os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local.

O orzamento atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade e conterà, para cada un dos orzamentos que nel se integren:

- a) Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- b) Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos a liquidar durante o exercicio.

Asimesmo, incluírá as bases de execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convintes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que podan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativo que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento.

Os recursos da entidade local e de cada un dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís destinaranse a satisfacer o conxunto das súas respectivas obrigas, salvo no caso de ingresos específicos afectados a fins determinados.

Os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas aplicaranse aos orzamentos polo seu importe íntegro, quedando prohibido atender obrigas mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, salvo que a lei o autorice de xeito expreso. Exceptúanse do anterior a devolución de ingresos que se declaren indebidos polo tribunal ou autoridade competente.

Cada un dos orzamentos que integren o xeral deberá aprobarse sen déficit inicial.





CONCELLO DE CHANTADA

Terceiro.- O orzamento da entidade local será formado polo seu Presidente e ao mesmo deberá unirse a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, aos seis meses do exercicio corrente.
- c) Anexo de persoal da Entidade Local.
- d) Anexo das inversións a realizar no exercicio.
- e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada entidade local.
- f) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigas pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que ditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiación ao que se refire o artigo 57 bis da LRBRL.
- g) Un informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Cuarto.- O presidente da entidade formará o orzamento xeral e remitirao, informado pola intervención ao Pleno da Corporación antes do 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución. Aprobado inicialmente o orzamento xeral, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou Comunidade Autónoma uniprovincial, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerarase definitivamente aprobado se no citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá de un mes para resolvelas. A aprobación definitiva do orzamento xeral polo Pleno da Corporación deberá realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse. O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será insertado no Boletín Oficial da Corporación, se o tivese, e, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran, no da provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e da Correspondente Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial sinalado. O orzamento

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102





CONCELLO DE CHANTADA

entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma sinalada. A copia do orzamento e das súas modificacións deberá estar a disposición do público, a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

Aos efectos de presentar reclamacións ao orzamento terán a consideración de interesados:

- a) Os habitantes do territorio da entidade local
- b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios.

Só poderán entablarse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non terse axustado na súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos na lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por se de manifesta insuficiencia os ingresos en relación cos gastos orzamentados ou ben destes respecto ás necesidades para as que están previstos.

Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras de dita xurisdición. O Tribunal de Contas deberá informar previamente a resolución do recurso cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria. A interposición do recurso non suspenderá por si sola a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola corporación.

Quinto.- Segundo o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, en cumprimento das obrigas de publicidade activa deberán facerse públicos os orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución e sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira das Administracións Públicas.

Chantada, na data da sinatura dixital

O Secretario

Fernando Torre Comesaña

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102

